

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 15.06.2019 CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E DE ELECCIÓN DE ALCALDE LOGO DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O 26.05.2019.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do quince de xuño de dous mil dezanove, reúnen, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e artigo 37 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, en primeira convocatoria e sesión pública as Señoritas e Señores Concelleiros/as electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e seis de maio de dous mil dezanove, e que son os que a continuación se relacionan, pola orde da acta de proclamación de candidatos/as electos/as:

D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro, do (PSdeG-PSOE); D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, do (PP) e D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Actúa como Secretaria que refrenda a da Corporación, Dona Marta Cajide Barbeito. Asiste a Sra. Interventora municipal, Dona Lucía Varela Martínez.

PRIMEIRO.- Constitución da Corporación 2019-2023

1.1.- Formación da mesa de idade. Procédese a formar a mesa de idade.

Pola Secretaría do Concello, ás doce horas e cinco minutos, declárase aberta a sesión constitutiva, procedendo a dar lectura ao contido no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

"1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadrexésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación

3. A Mesa compraba as credenciais presentadas, as acreditacións dá personalidade dous electos con base ás certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zoa.

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes."

Constitúese a Mesa de Idade, quedando integrada por Don José Simoes Couceiro, membro electo de maior idade, e o candidato electo de menor idade, Don Joshua Dopico López,



presentes nesta sesión, e que pasan a ocupar os seus postos para presidir a sesión, de Presidente e vogal respectivamente, actuando como secretaria da mesa de idade a Secretaria da Corporación.

Procédese a partir de este momento á toma de posesión dos concelleiros e concelleiras previo xuramento ou promesa dos seus cargos, coa lectura previa por parte da Secretaria do artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral: *“No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos”* e á acta de proclamación de concelleiras e concelleiros electos, formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, con data 31 de maio de 2019, e na que se indica o seguinte:

<< En Betanzos, sendo as 11:39 horas do día 31 de maio de 2019, réunese a Xunta Electoral para proceder á proclamación oficial de candidatos electos nas Eleccións e circunscrición arriba indicados:

Número de electores: 6.613.
Número de votantes: 4.690.
Número de votos a candidaturas: 4.593.
Número de votos válidos: 4.638.
Número de votos nulos: 52.
Número de votos en branco: 45.

Número de votos obtidos por cada candidatura:

Candidaturas	Votos obtidos	nº de electos
Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)	2.967	9
Partido Popular (PP)	913	2
Bloque Nacionalista Galego-(BNG)	713	2

De acordo cos resultados reflexados no presente cadro, proclámanse electos aos seguintes candidatos:

D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro, do (PSdeG-PSOE); D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, do (PP) e D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

De seguido, a Secretaria constata que todos as concelleiras e concelleiros electos da Corporación, teñen presentado, para os efectos de cumprimentar o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 30.1 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, a declaración dos seus **bens patrimoniais**, así como tamén a referente a **causas de posible incompatibilidade e de actividades**, na forma que se establece nos mencionados textos legais.

Mesmamente, fai constar que se cumprimentou o requisito preceptuado no artigo 7 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, como trámite previo legal para este acto en canto á presentación da correspondente credencial de todas as persoas proclamadas electas na Secretaría Xeral.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En consecuencia, o Presidente da Mesa de Idade, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legalmente esixíbeis aos concelleiros e concelleiras electos, declara constituída a Corporación Municipal de Ponte deume, procedéndose a prestar xuramento ou promesa do cargo.

XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIRO/A E TOMA DE POSESIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no art. 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese ao chamamento pola orde contida na Acta de proclamación de Electos remitida ao Concello pola Xunta Electoral de Zona con data 31 de maio de 2019.

Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (BOE número 83 do día 6), que é a seguinte:

"Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"

Iníciase o acto de xuramento ou promesa por orde de proclamación:

En primeiro lugar, xuran ou prometen o seu cargo o Presidente da Mesa de Idade, Don José Simoes Couceiro, e o Vogal da Mesa de Idade, Don Joshua Dopico López;

Don José Simoes Couceiro di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

Don Joshua Dopico López di: *" Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

A continuación os concelleiros e concelleiras electas, pola orde contida na acta de proclamación, proceden a prestar, persoalmente, xuramento/ou promesa de cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado

D. Bernardo Fernández Piñeiro di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

D^a Raquel Caruncho Corral, di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

D^a Yolanda Vázquez Busto, di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

D^a. Ángela Piñeiro Carrera, di: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*



D. Daniel Ríos Fernández, di: "*Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*"

D^a. Manuela García Fachal, di: "*Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*"

D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, di: "*Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*"

D. Andres Pérez Pérez, di: "*Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*"

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, di: "*Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*"

D. Luis Pena Mosquera do BNG, di: "Prometo acatar a Constitución por imperativo legal e comprométome coa veciñanza de Pontedeume a atender os seus intereses Xerais de toda a veciñanza de Pontedeume e do Pobo Galego"

D^a Rocío Souto Torre do BNG, di: "Prometo, por imperativo legal, acatar a Constitución e comprométome pola miña honra a defender os intereses e dereitos xerais da veciñanza de Pontedeume e do Pobo Galego"

Cumprido o disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e no Real Decreto 707/79, a mesa declara constituída a Corporación do Concello de Pontedeume resultante das Eleccións Locais Celebradas o día 24 de maio de 2015.

De seguido, dando cumprimento ó establecido no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986 que establece que os secretarios e interventores tomaran as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estén preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ó inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

Os membros presentes toman razón da documentación presente durante toda a duración da sesión dando cumprimento ó regulamentariamente establecido

Neste sentido, pola Interventora municipal dona Lucía Varela Martínez, dáse lectura ao informe emitido pola Tesourería municipal con data do 14/06/2019 en relación cos avais consignados e ao informe emitido tamén pola Tesourería asinado dixitalmente nesa mesma data, respecto dos saldos bancarios extraídos da consulta en banca electrónica (toda vez que se ben se teñen solicitado os certificados bancarios, neste momento non se dispón deles, e serán obxecto de posta a disposición en canto as distintas entidades bancarias os vaian expedindo), amosando o seguinte resultado:

Total existencias en bancos	1.377.213,96
------------------------------------	---------------------

Avais Consignados	1.055.441,17 €
--------------------------	-----------------------

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Faise constar expresamente que os xustificantes dos citados informes atópanse a disposición da Corporación na Tesourería Municipal.

Do mesmo xeito, ponse a disposición da Corporación o inventario de bens do concello de Ponte deume, cuxa última modificación foi acordada polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 27.12.2018 en cumprimento do establecido no artigo 86 del Texto Refundido de Régimen Local e no artigo 56 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

SEGUNDO.- Elección de Alcalde da Corporación.

A Secretaria Xeral procede previamente, segundo o establecido para a elección de Alcalde, á lectura do artigo 196 da lei orgánica 5/1985, do artigo 40 do Real Decreto 2568/1986, do artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, e do artigo 60.2 da lei de administración local de Galicia

Artigo 196 da lei orgánica 5/1985.

"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) *Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) *Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- c) *Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

Artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

1. *A elección e destitución de Alcalde réxese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do Concello.*
2. *Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, dacordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.*
3. *Se non se atopa presente na sesión de Constitución, será requirido para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente ante o Pleno corporativo, coa advertencia de que, caso de non facelo sen causa xustificada, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante na Alcaldía."*

Artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril.

"Antes de comenzo o exercicio das súas funcións, o Alcalde deberá, xurar ou prometer o cargo ante o concello Pleno."



Artigo 60.2 Lei de administración local de Galicia

"2. Os concelleiros son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e segredo e o Alcalde é elegido polos Concelleiros ou polos veciños, todo elo nos termos que establece a lexislación electoral xeral. "

O Presidente da Mesa de Idade di: poderán presentar candidaturas á alcaldía aqueles concelleiros e concelleiras electos que encabecen algunha lista, que deberán responder si ou non ao ser nomeados:

- D. Bernardo Fernández Piñeiro, Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE): Si
- D. Andrés Pérez Pérez, Partido Popular: Si
- D. Luis Pena Mosquera, Bloque Nacionalista Galego: Si

SECRETARIA: En consecuencia os candidatos proclamados á elección de Alcalde son os seguintes:

- D. Bernardo Fernández Piñeiro, Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE).
- D. Andrés Pérez Pérez, Partido Popular.
- D. Luis Pena Mosquera, Bloque Nacionalista Galego.

Seguidamente pola Secretaria do Concello indícase o sistema da votación que se vai seguir para a elección do Alcalde que, de conformidade co disposto no art. 102.3 do Regulamento de Organización, a votación será segreda, e desenvolvese nos seguintes termos legalmente establecidos:

"1.- Os señores Concelleiros terán á súa disposición papeletas cos nomes dos Candidatos ó cargo de Alcalde.

As papeletas serán introducidas na urna preparada ó efecto.

2.- Só poderá ser votado un dos candidatos á Alcaldía segundo o indicado

3.- Unha vez rematada a votación, a Mesa procederá ó escrutinio estimándose nulo o voto que se emita en sobre que conteña máis dunha papeleta con distinto candidato. Considérase voto en branco se o sobre non contén papeleta ou se se presenta en branco.

4.- Rematado o escrutinio a Mesa anunciará o resultado e se non houberse reclamacións proclamará o Alcalde elixido, de conformidade co resultado e co disposto nas normas aplicables.

5.- Se houberse reclamacións, a Mesa resolverá no acto sobre as mesmas. Sen prexuízo dos recursos procedentes por parte do reclamante ou reclamantes".

Os concelleiros e concelleiras marcan na papeleta que se lles foi entregada, o nome do candidato ao que otorguen o seu voto que, dobrada, introducen na urna pola seguinte orde de chamamento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Andrés Pérez Pérez

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Pena Mosquera
D^a Rocío Souto Torre
D. Joshua Dopico López
D. José Simoes Couceiro

Rematada a votación, efectúase o recuento de votos pola Mesa de Idade, que presenta o seguinte resultado, do que da lectura a Secretaria:

Votos emitidos: trece
Votos en branco: cero

- D. Bernardo Fernández Piñeiro, Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE): 9 votos
- D. Andrés Pérez Pérez, Partido Popular: 2 votos
- D. Luis Pena Mosquera, Bloque Nacionalista Galego: 2 votos

Alcanzando a maioría absoluta dos votos emitidos o candidato D. Bernardo Fernández Piñeiro, o Presidente da Mesa de Idade proclámao Alcalde, de conformidade co disposto no artigo 196.b) da lei orgánica de réxime electoral xeral.

A Secretaria da conta do deber do Alcalde electo de prometer ou xurar o cargo para o que foi elixido, segundo esixe o artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais que indica o seguinte: *"Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos"*, para o que D. Bernardo Fernández Piñeiro, achégase á Mesa para prometer o cargo dicindo: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do concello de Ponte deume con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

O concelleiro vogal da Mesa de Idade di: *"De acordo co disposto na lei, dámoslle posesión do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ponte deume, Sr. Fernández Piñeiro"*, facéndolle ao tempo, entrega do bastón de mando, o Sr. Presidente da Mesa de Idade.

De seguido, a Secretaria da Corporación anuncia o cese das súas funcións dos membros da Mesa, abandonando a Presidencia e pasando a ocupar o lugar asignado á formación política á que pertencen.

Do mesmo xeito, a A Secretaria lembra a todas e todos os/as membros da Corporación que, conforme ó establecido no artigo 74 e 75 da lei 5/1997 de administración local de Galicia, aos efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos políticos, mediante escrito dirixido ó Presidente e suscrito por todos os seus integrantes que se presentará na Secretaria Xeral dentro dos cinco días hábiles seguintes á celebración desta sesión constitutiva. No mesmo escrito, farase constar a designación de voceiro ou voceira de grupo, podendo designarse tamén suplentes.

Dito isto, a Secretaria convida ao Alcalde electo a ocupar a Presidencia da Mesa e a facer uso da palabra para proceder a dar o seu discurso de Investidura.

O Alcalde-Presidente, ocupa a presidencia.



De seguido, o Sr. Fernández Piñeiro dirixe unhas palabras aos membros da Corporación municipal e a toda a veciñanza eumesa:

“Bos días, concelleiras, concelleiros, compañeiras e compañeiros, amigas e amigos...Moitas grazas por estar hoxe aquí, benvidos a este acto de inicio dea undécima lexislatura do Concello de Pontedeume.

Agardo que estes catro anos que teremos por diante a partires de hoxe, estean baseados no diálogo e nun bo clima de entendemento entre os tres grupos que formamos parte desta Corporación co obxectivo compartido de traballar para a mellora da nosa Vila.

Permitide que dirixa o meu discurso a quen, a partir de hoxe, continuarán ocupando toda a miña adicación, esforzo, e compromiso:

Aos veciños e veciñas de Pontedeume. A todos eles e elas, moitas grazas no meu nome e no de toda a corporación por acompañarnos hoxe, nun día no que comeza unha nova lexislatura e, con ela, unha nova etapa política no noso Concello de Pontedeume. Grazas polo voso apoio e pola vosa mobilización.

Esta é unha clara mostra do compromiso e as ansias de mellora da sociedade eumesa para coa nosa Vila.

Aqueles que máis me coñecen saben que son un fiel defensor do municipalismo, por ser esta a política máis cercana ao cidadán, ao seu día a día, aos seus problemas e inquedanzas, a primeira porta á que chaman para atopar apoio e solucións. E é precisamente esa cercanía a que fai deste estrato da política unha actividade apaixonante e esixente. É por iso que sempre fun admirador e defensor de todos aqueles que daban un paso adiante para involucrarse tanto na política como nos movementos sociais e asociativos.

Xentes que motivadas tan só pola súa vocación de servizo aos demais e pola paixón que sinten pola súa vila, parroquia, actividade cultural ou deportiva, poñen o seu tempo e traballo ao servizo da sociedade, implicándose e dando un paso ao fronte que ás veces non é suficientemente recoñecido ou valorado.

É por iso que hoxe, primeiro día da undécima lexislatura da democracia, quixera recordar a todos aqueles concelleiros e concelleiras que teñen pasado pola Corporación Municipal e que adicaron o seu tempo, traballo e ilusión a facer da nosa Vila un lugar mellor.

Especialmente quixera ter unha lembranza hoxe, para quen foi o tenente alcalde, durante a pasada lexislatura ata hai uns meses e que por motivos de saúde non puido culminar coas súas obrigacións tal e como lle houbera gustado, para Pedro Amado o meu recordo e agradecemento polo seu traballo que realizou ao longo dos case catro anos que puido e que a súa saúde lle permitiu.

Tamén quixera recordar a dúas persoas que formaron parte no pasado desta Corporación e que nos deixaron durante esta lexislatura que hoxe remata, estoume a referir a Andrés Rodeiro, concelleiro socialista e Celestino Sardiña, Alcalde de Pontedeume durante bastantes anos, para eles e para todos os que nos precederon neste cargo, pido un sincero e afectuoso aplauso.

Quixera lembrarme hoxe tamén da miña familia, da miña muller, da miña nena, que está aí, e que son as que padecen en gran medida, xunto cos meus pais, os meus sogros e o resto da miña familia e amigos, o tempo que lles roubo do noso tempo en común para dedicarlle a esta tarefa, a eles a vos, grazas pola vosa comprensión e apoio, sen lugar a dúbidas, sen iso, sen vos, non tería sido posible.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Como dixen hai agora 4 anos, gustárame que todos e todas sintades este Goberno como o voso Goberno municipal, que sintades que as políticas ás que imos dar continuidade son para todos e cada un de vós, sempre no beneficio de Ponte deume e de todos os que aquí vivimos.

Este vai a seguir sendo tamén o Goberno da transparencia e do diálogo constante coa veciñanza, porque todos e todas vos sodes unha peza fundamental e indispensable da acción política, e por iso que sempre atoparedes aberta a porta deste Concello e da Alcaldía.

Sen dúbida foi moito o feito ao longo destes catro anos pero aínda temos moito traballo por diante. Somos plenamente conscientes das moitas necesidades coas que conta a día de hoxe a nosa Vila, e das expectativas xeradas novamente entre os veciños e veciñas, que seguen a demandarnos unha adicación plena, total e absoluta na procura dun presente e futuro mellora para Ponte deume. Non dúbidades que imos poñer todo o esforzo para cumprir con elas. Lonxe de relaxarnos e acomodarnos nun resultado que nos permitirá contar con máis concelleiros no goberno, aproveitaremos ese feito para dar un novo impulso ás políticas iniciadas hai 4 anos, para conquistar novos e máis ambiciosos obxectivos que redunden nunha mellora do entorno e da calidade de vida de todos os que temos a inmensa fortuna de vivir en en Ponte deume.

Traballaremos dende a máxima esixencia para que, con nos mesmos, pero tamén coa maior das humildades; non atoparedes neste goberno desculpas, atoparedes explicacións do que se poida facer e daquilo do que non sexamos capaces de facer.

Gustárame que isto non sexa só por parte do Goberno, se non que tamén, e aí non teño ningunha dúbida, que o será tamén por parte dos grupos da oposición, para que sexan un constante canal de comunicación entre os veciños e o Concello, por que eles, vos, sodes tamén unha peza fundamental e imprescindible no presente e futuro da nosa Vila. Unha oposición responsable esixente é o mellor garante para unha corporación plural, que traballe polo conxunto da veciñanza.

Porque as maiorías políticas, as maiorías absolutas, non serven de nada se non están para sacar adiante políticas que estean ao servizo de todos e todas os veciños e veciñas dunha vila, independentemente da súa condición social, política ou da súa ideoloxía. Esa é a base dun Goberno democrático, xusto e igualitario.

Para esta tarefa, todos e todas somos necesarios. Como dixen, temos grandes retos por diante...

Somos coñecedores de que aínda nos quedan necesidades importantes que atender. En primeiro lugar, e farei un pequeno resumen, temos que habilitar aparcadoiros no casco urbano, unha reclamación histórica da sociedade eumesa que será atendida neste mandato. Dando continuidade tamén á dotación de aparcadoiros nas zonas limítrofes e aledañas, dos cemiterios, igrexas e locais sociais das parroquias.

Teremos que seguir mellorando a imaxe e habitabilidade de Ponte deume, e para iso estableceremos unha planificación anual e estacionaria do mantemento, limpeza e mellora dos núcleos rurais, camiños zonas verdes, fontes, lavadoiros, parques infantís, etc. Darémolle un impulso á rehabilitación do casco histórico aprobando o PEPRI e iniciando os trámites para a posta en marcha dun Área de Rehabilitación Integral que nos permitirá facilitar a realización de



trámites e a consecución de axudas e subvencións para a rehabilitación de vivendas do casco histórico.

Reforzaremos a programación de obradoiros de formación, emprego e novas tecnoloxías que tan bo resultado nos deron durante a pasada lexislatura.

Ademais destas melloras, este mandato ten que alumbrar novidades estratéxicas para o futuro de Pontedeume. A primeira chegará en breves semanas, xa que pronto se publicarán as bases para a concesión de postos no novo Mercado Municipal e, coa súa reapertura a economía de Pontedeume, esperamos e desexamos, que se vexa fortalecida. O motor económico da Vila se volve a poñer en marcha e, con el, organizaremos actividades e campañas de dinamización e promoción tamén do Feirón, do comercio e da hostalería local. Dentro desta revitalización económica, temos un proxecto que vai dinamizar a zona do Porto tanto a nivel económico coma de Servizos, readaptando as Lonxas de Raxoi para crear unha área de hostalería que faga máis atractivo o porto como área de ocio, ao tempo que crearemos, co apoio da Deputación Provincial, como xa está así comprometido, unha zona coworking para que emprendedores e autónomos que serán un futuro para xeradores de emprego para a nosa Vila.

Nunha Vila namorada da cultura e da música como Pontedeume, necesitamos unha infraestrutura que lle dea cabida a unha programación de ocio e cultura que sabemos que demanda a veciñanza eumesa. Por isto imos apostar pola construción dun Auditorio e iniciaremos os trámites para facelo de inmediato.

Pero tamén o deporte debe ser unha prioridade da acción do goberno, por iso queremos tamén iniciar a tramitación para a construción dun novo pavillón municipal, porque a práctica deportiva é símbolo e orgullo de Pontedeume, e temos que seguir poñendo máis e máis facilidades á xente nova e no tan nova para que fuxan das costumes sedentarias.

Por último, un compromiso firme e ineludible coas parroquias, na mellora da prestación de servizos básicos e das infraestruturas. Ademais, Campolongo, Andrade, Centroña e Ombre, loitaremos porque poidan dotar nesta lexislatura das beirarrúas e garantir así a seguridade de peóns e vehículos.

En definitiva, un concello que contribúa e represente o orgullo eumés que sentimos todos os veciños e veciñas os que vivimos neste anaco do paraíso.

Estamos orgullosos do noso pasado e devanceiros, da nosa cultura e tradicións, en definitiva, estamos orgullosos de ser, estar e sentir Pontedeume.

Agora toca traballar para que ese orgullo siga a ser o combustible que impulse o motor do desenvolvemento e mellora da nosa vila, unha fonte de enerxía inagotable para que Pontedeume volva a ser todo un referente en calidade de vida e benestar. A iso adicaremos a nosa tarefa todos os membros desta Corporación ao longo dos vindeiros catro anos.

Moitísimas grazas a todos e a todas e comeza a undécima lexislatura da democracia no Concello de Pontedeume."

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e nove minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.